

SÉTIMA. Dereito de avaliación

Non poderá ser avaliada e cualificada ningunha persoa que non estea matriculada na materia correspondente e en ningún caso se autorizarán matrículas de materias con posterioridade á data de xeración das actas de cualificación.

7.1. Para as ensinanzas de grao

Nas ensinanzas de grao establécese unha única cualificación por curso académico, se ben haberá dúas oportunidades de avaliación conforme ao calendario académico aprobado polo Consello de Goberno.

O alumnado ten dereito a concorrer ás probas de avaliación de acordo cos calendarios fixados polos centros. Este dereito quedará limitado polas incompatibilidades académicas que establezan os plans de estudo, polas programacións académicas de conformidade coa normativa aplicable ou por algún impedimento regulado na normativa de permanencia ou nas memorias de verificación.

7.1.1. Avaliación de fin de carreira

A matrícula formalizarase da totalidade dos créditos pendentes para concluír os estudos e en ningún caso procederá a inscrición con posterioridade á xeración de actas.

Os requisitos, que sen excepción deberán reunirse no prazo de matrícula, son:

- Que resten como máximo 24 créditos xa matriculados en cursos anteriores. Neste cómputo non se terán en conta os créditos do TFG que poderá matricularse por primeira vez.
- Ter sido avaliados dos 24 créditos, salvo das materias “Prácticas externas” e “Prácticas en empresas” que non superen os 12 créditos e non constitúan parte dun practicum.
- Que para a defensa do TFG se poida garantir o mínimo de dedicación necesaria para a súa preparación. Tendo en conta que cada ECTS supón na UVigo 25 horas de traballo, cómpre que dende a data de inicio do curso académico ata a data de defensa do TFG transcorran un mínimo de 4 semanas para un TFG de 6 créditos (6 ECTS=150 horas=4 semanas) e de 8 semanas para un TFG de 12 créditos (12 ECTS=300 horas=8 semanas).

Poderán quedar excluídas da avaliación de fin de carreira aquelas materias que a xunta de centro xustifique atendendo ao establecido na memoria de verificación.

Quen se inscriba nesta opción e non se presente, poderá concorrer á avaliación ordinaria e á extraordinaria de xullo. No caso de presentarse ás probas e non superar algunha materia, deberá escoller unha delas.

7.1.2. Avaliación ordinaria

Realizarase ao remate de cada cuadrimestre.

7.1.3. Avaliación extraordinaria de xullo

Realizarase no período indicado no calendario académico.

7.2. Para a realización dos requisitos formativos complementarios

A modalidade escollida na formalización da matrícula dará dereito a ser avaliados nas formas que a continuación se determinan:

7.2.1. Proba de aptitude

A matrícula dará dereito á realización de dúas probas de avaliación por curso académico que se efectuarán ao remate de cada cuadrimestre.

O tribunal cualificador estará constituído por cinco doutores ou doutoras que impartan ensinanzas nas materias incluídas na proba de aptitude.

7.2.2. Período de prácticas

As condicións de realización do período de prácticas serán establecidas por cada centro tendo unha duración máxima de 500 horas.

O seguimento e a valoración do período de prácticas serán realizados polo órgano que determine o centro. Nomearase un titor ou titora que será docente da universidade e deberá posuír a mesma formación de grao que a persoa titulada no estranxeiro. Ao final do período de prácticas terase que presentar ao titor ou titora unha memoria ou traballo.

7.2.3. Realización dun proxecto ou traballo

Deberá iniciarse e concluírse dentro do mesmo curso académico.

Desenvolverase baixo a tutela dun director ou directora que establecerá os obxectivos do mesmo e a liña de traballo. Poderá actuar como tal calquera docente da universidade.

7.2.4. Asistencia a cursos tutelados

A duración non será superior á dun curso académico.

O titor ou titora impartirá docencia no centro e avalará ao remate do curso unha memoria ou traballo que será avaliado pola comisión nomeada a tal efecto.